

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 28 AGOSTO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteoito de agosto de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 31 de Xullo do dous mil seis (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida.

Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

1.- EXPTE. Nº: 13/02/2006/618-OM/54.

A PROMOCIONS BOPORTE S.L., representado por Don Juan C. González Loeda, para levar a cabo as obras de construción dun edificio composto por planta baixa para garaxe e trasteiro e tres plantas altas e baixo-cuberta para vivendas, que se realizarán segundo o proxecto Básico e de Execución redactado polo arquitecto Don a Ramón P. Quiroga Álvarez, visado con data 8 de febreiro de 2006 e Anexos obrantes no expediente..

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Construción dun edificio composto por planta baixa para garaxe e trasteiros e tres planta altas e baixo cuberta para vivendas, de acordo co proxecto básico e de execución e anexos presentados .

Contía na que se orzan as obras: 601.474,80 euros.

Situación e emprazamento das obras: Estrada de Filgueira.

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: Don Ramón P. Quiroga Alvarez..

Nome ou razón social do promotor: Promocions Boporte S.l..

Prazos: os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non poderá exceder de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 13.02.06, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 15.638,34 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 601.474,80 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

Outras condicións: As obras acometeranse segundo condicións da licencia e documentación técnica obrante no expediente. Consta Estudio de Seguridad e Saúde, Proxecto de Infraestructuras común de Telecomunicacións e encargos de Dirección Técnica, como arquitecto D. Ramón P. Quiroga Álvarez e Aparellador D. Juan C.

González Loeda. Condición estéticas: o material de cubrición será tella cerámica plana ou curva. Depositará unha fianza de 12.000 euros para responder das obras de urbanización. Na urbanización frontal as prazas de aparcamento construíranse coas dimensións mínimas de 4,50*2,20 en batería oblicúa. O báculos de alumeado segundo notificado o promotor. Previo o inicio das obras en forma regulamentariamente deberá formalizar a cesión dos terreos frontais. Solicitará o Concello o correspondente tiro de cordas da aliñación frontal, levantándose a correspondente acta no acto. Rematada a obra solicitará a preceptiva licenza de primeira ocupación.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

“Examinado o expediente promovido por **don Antonio Fernández Fidalgo**, con domicilio na rúa Avia nº 22, desta vila, en virtude da instancia nº1869 de data 21 de abril de 2006, solicitando licenza municipal para a legalización da actividade de venda de pinturas e derivados no inmovible sito na rúa Avia nº 22, baixo, deste termo municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro.- RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e os informes técnicos municipais.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitárase ao informe que emita a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO: que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado a zona.- Visto o Decreto nº 2.414/1961 do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda: 1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por don Antonio Fernández Fidalgo, para a a legalización da actividade de venda de pinturas e derivados no inmovible sito na rúa Avia nº 22, baixo, deste termo municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito Regulamento e disposicións complementarias.- 2º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, aos efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa cualificación da actividade.”

TRAMITACION DE EXPEDIENTE EN SOLO RUSTICO.-

En relación ó expediente de autorización en Solo Rústico e conforme ó trámite regulado polo artigo 41.2.b da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, para a legalización de instalacións de estación base de telefonía celular da Rede DCS 1800, no Monte de Santa

Marta-Santa Cristina, deste municipio, promovido por Don Francisco Martín Romero, na representación de Retevisión Móvil S.A. a Xunta de Goberno Local, unha vez concluído o período de exposición o público, por unanimidade, acorda, remiti-lo devandito expediente a Dirección Xeral de Urbanismo, ós efectos do artigo 41 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

En relación ó expediente de autorización en Solo Rústico e conforme ó trámite regulado polo artigo 41.2.b da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, para a legalización de instalacións de estación base de telefonía celular da Rede DCS 1800, no Monte Alegre-Chaira Salgada, deste municipio, promovido por Don Francisco Martín Romero, na representación de Retevisión Móvil S.A. a Xunta de Goberno Local, unha vez concluído o período de exposición o público, por unanimidade, acorda, remiti-lo devandito expediente a Dirección Xeral de Urbanismo, ós efectos do artigo 41 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVAS

“Visto o expediente a nome de **Dona Ana María Carrera Fernández**, con domicilio na rúa Yañez nº 28, 3º, desta vila, relativo a subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Yañez nº 28, 3º, desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra realizado polos técnicos da oficina de Rehabilitación e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 2.740,45 euros e do I.G.V.S. por importe de 2.740,45 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

ACOMETIDAS DE AUGA.-

Visto o escrito presentado por **don José Antonio Padrón Cuñias**, con domicilio en Encrucillada do lugar de Francelos, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para un apendre no devandito lugar, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

CONDICIONS URBANISTICAS.-

Expte: 31/07/2006/3651-CU/254: Vista a solicitude de dona Celia Fernández Gómez, con domicilio en Puente de San Clodio, nº 39 de Leiro, no que interesa información urbanística aplicable a unha propiedade sita na Estrada Provincial C.V.-207 Ribadavia Carballeda (Serralleiro), fronte a depósito de butano (Ref. Catastral: Polígono 11, Parcela 272), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 24.08.06, que literalmente di:

1.- O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e no carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espazo natural Ribeiras do Miño, espazo nº 15, Area 2.

Este ordenamento supéditase á "Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia". DOGA nº 252 do 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, do 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico. DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, e disposicións concorrentes.

2.- Segundo os datos que facilita Dona Celia Fernández, a Parcela 272 do Polígono 11, califícase segundo as NNSSM, como Solo Rústico, Art. 31 e seguintes da LOUGA.

3.- Na Categoría que se establece no Art. 32 da LOUGA; como Solo Rústico de Protección Ordinaria (Art. 32-1).

4.- Categoría que se regula polo Art. 36 e concorrentes da LOUGA.

5.- Adxúntase con presente informe:

5.1 Cartografía Oficial NNSSM.

5.2 Plano Catastral.

5.3 Art. 36 da LOUGA.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-“Da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, Circular 16/2006, relativa a criterios hixiénicos-sanitarios para prevención e control da lexiónelose”.

-“De Aqualia, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento do Concello, resultados dos análises de auga de consumo público, correspondente os meses de maio, xuño e xullo de 2006 e resultados dos análises da EDAR de Francelos correspondente os meses de maio de xuño de 2006.

-“Da Fiscalía da Audiencia Provincial de Ourense, relativo as instalacións de incineración de Residuos Municipais (Vertedoiro Antiga N-120, límite Ribadavia-Melón).

- “Da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, comunicando proposta provisional da comisión de valoración relativa a solicitude de subvención para a realización de actividades de educación para a sustentabilidade no marco da Orde de 27 de abril de 2006”.

-“Da Dirección Xeral de Urbanismo, Orde do 19 de xullo de 2006, pola que se aproba definitivamente a Modificación Puntual núm. 3 das Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Ribadavia, na parcela dos Irmáns de San Xoan de Deus, na Travesía cara San Paio.”

-“Da Deputación Provincial de Ourense, Decreto de data 8 de agosto pasado, relativo a delegación de competencias para a execución de obras de planos provinciais de 2006 (Mellora Saneamento en Esposende-San Paio-A Quinza)”.

-“Escrito do Sr. Alcalde de Cenlle aceptando a realización da Ofrenda a Virxe do Portal o vindeiro oito de setembro de 2006”.

-“Da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, escrito relativo a entrada e vigor da Lei 9/2006, de 28 de abril sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente”.

-“Da Vicepresidencia da Igualdade e Benestar, Covnenio de incorporación do Concello de Ribadavia ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO CONCURSO PARA ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DE SANEAMENTO EN ESPOSENDE, SAN PAIO, A QUINZA E OUTROS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Prego de cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para a contratación mediante concurso con procedemento aberto, en trámite de urxencia, as obras denominadas "Mellora de Saneamento en Esposende, San Paio, A Quinza e Outros", do Concello de Ribadavia, o cál achase no expediente, e que ten as seguintes características:

CADRO DE CARACTERÍSTICAS DE CONTRATO:

- 1.-Proxecto: Mellora do Saneamento en Esposende, San Paio, A Quinza e Outros.
- 2.-Presuposto: 137.467 euros.
 - A) Obras anuais: 137.467 euros (Total IVE incluído)
- 3.-Financiación: Plano Operativo Local 2006. A obra é financiada polo MAP, Deputación e Concello
- 4.-Prazo de execución: 4 meses.
- 5.-Clasificación: Grupo, E, Subgrupo 1, Categoría d.
- 6.-Lugar de presentación de ofertas: Concello de Ribadavia.

7.-Prazo de presentación de proposicións: trece días naturais a contar do día seguinte ó de publicación do anuncio no BOP, en horas de nove a trece horas.

8.-Garantía provisional: 2% do prezo de licitación.

9.-Garantía definitiva: 4% do prezo de adxudicación.

10.-Taxas do contrato: Cláusula 28 do Prego.

11.-Revisión de prezos: non procede

12.-Control de calidade: Cláusula 29 do Prego.

13.- Apertura de plicas: As 12 horas do terceiro día seguinte hábil (agás os sabados) a aquel no que termine o prazo de presentación de ofertas.

Outros datos:

Información teléfono: Concello de Ribadavia, Praza Maior nº 4. Tfno. 988477100. Fax 988477101.

Lugar onde se poden obter copias do proxecto e prego: Concello de Ribadavia.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.